

Platón. Cuestións Texto. República. *Mito da Caverna*.

1. Resume coas túas palabras o mito da caverna.
2. O texto é unha alegoría elaborada a base de símbolos diversos. Trata de descubrir o significado dos símbolos e as metáforas que aparecen nesta pasaxe de República. ¿Que simbolizan: as sombras, a caverna, os prisioneiros da caverna, o prisioneiro liberado, o exterior da caverna, o sol?
3. En base ao que se desprende do texto, ¿o coñecemento da realidade é algo de fácil acceso para o home? ¿Trátase dun proceso repentino ou lento e gradual? Aporta as citas correspondentes para ilustrar a túa resposta.
4. ¿Por que o home que sae fóra da cova quere regresar outra vez á caverna xunto aos prisioneiros encadeados? ¿Que papel xoga a educación en relación ao coñecemento? Razoa as respostas en función do texto.
5. O mito da caverna contén veladas alusións ético-políticas: ¿Que implicacións de orde político poderíamos extraer do texto? ¿Quen debería asumir o goberno da república? ¿Que personaxe do relato alegórico está chamado a dirixir a polis? Segundo Platón, ¿quen debe gobernar: os máis ricos, os máis fortes ou os máis sabios? ¿Por que motivo? Un dilema: ¿os máis sabios ou a maioría? Tomando como referencia o que se nos dí no *mito da caverna*, ¿cal sería a opinión de Platón en relación a esta última pregunta? Por outra parte: ¿como se denominan, respectivamente, o réxime político no que gobernan os máis ricos, os máis sabios e a maioría? ¿Cal sería o réxime ideal, segundo o filósofo ateniense? ¿Que opinión te merece o plantexamento político de Platón? ¿Estás conforme con el? Expón os teus argumentos a favor ou en contra da concepción política implícita no *mito da caverna*.